



XULLO 2026

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en establecementos hoteleiros. Xullo 2026

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 26/25	Nº	Var. Int. 26/25
VIAXEIROS	13.208.858	1,3%	644.755	0,9%
NOITES	44.846.714	0,3%	1.334.577	-0,4%
ESTADÍA MEDIA	3,40	-1,0%	2,07	-1,2%
% OCUPACIÓN	71,09%	0,62	55,89%	0,27
ADR	156,9 €	6,8%	91,3 €	7,7%
RevPAR	119,3 €	6,6%	54,9 €	7,1%

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

Neste mes de xullo o INE estima que abriron en Galicia algo máis de 1.800 establecementos hoteleiros –cifra practicamente equivalente á do pasado ano 2025–, que ofertaron 76 mil prazas –dato que en termos globais mantense estable en termos interanuais–.

Amósanse a continuación os principais resultados deste sétimo mes de 2026:

- O segmento hoteleiro de Galicia rexistra neste mes de xullo 645 mil viaxeiros aloxados e máis de 1,3 millóns de noites, cifras que presentan un comportamento estable en relación ao pasado ano. En particular, o volume de noites mantense en cifras parellas ás de xullo de 2025 –a variación é pouco significativa– como consecuencia da estabilidade da cifra de viaxeiros aloxados nun contexto de suave descenso da estadía media –cae un 1,2% en particular–.
- Esta dinámica coloca o nivel de demanda deste 2026 por encima de 1,3 millóns de noites por segundo ano consecutivo, con cinco mil pernoctacións menos que o pasado ano – variación pouco significativa–. En realidade, e cunha perspectiva de longo prazo, obsérvase que o segmento hoteleiro de Galicia apenas experimentou cambios significativos nos últimos anos pois mantense no contorno de 1,3 millóns de noites desde 2022 –antes da pandemia o nivel roldaba máis ben a cifra de 1,2 millóns de pernoctacións–. Por tanto, neste 2026 o nivel de demanda do inicio do verán mantense no contorno dos máximos da serie histórica.
- No lado dos viaxeiros aloxados obsérvase igualmente un comportamento estable, cun suave crecemento do 0,9% en relación ao pasado ano con 645 mil no mes de xullo – neste caso, e nun sentido estrito, é a cifra máis elevada da serie histórica–. É o terceiro ano consecutivo, e cuarto nos últimos cinco, no que a cifra de viaxeiros aloxados supera o nivel dos 600 mil en xullo.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo variable nas diferentes comunidades autónomas sendo maioría as que presentan dinámica negativa. Unha pequena parte delas, seis en particular, conseguen superar os niveis de demanda do pasado ano, con maior intensidade Navarra –cunha suba do 7,7%– por diante da C. Valenciana –destino no



que o número de noites crece un 4,3%- e de Murcia -cunha suba do 3,3% neste caso-. Engádense a esta lista, con crecementos do contorno do 2% interanual, as comunidades de Canarias, Andalucía e o País Vasco.

- Tres destinos -entre os que se atopa Galicia- mantéñense en niveis parellos aos do pasado ano mentres que os oito restantes -maioría neste caso- presentan caídas en relación ao pasado ano, máis suave en Madrid, Asturias e Baleares -inferior ao 2%- e de maior intensidade en Castela e León -presenta un descenso do 7% neste caso-.
- Galicia colócase por tanto nunha posición media no ranking de variacións interanuais -no grupo de destinos con dinámica estable-, cunha taxa de variación similar á media do conxunto do Estado -onde se observa en liñas xerais unha variación do 0,3%-. O comportamento de Galicia equivale neste caso á media estatal.
- No lado dos viaxeiros aloxados Galicia colócase tamén no grupo de destinos con dinámica estable xunto con Baleares, País Vasco e Asturias. Lidera este ranking tamén Navarra, coa suba do 9,6%, por diante do grupo de sete destinos con dinámica positiva. No lado contrario son seis os que amosan comportamento negativo.
- En termos de volume Galicia sitúase neste mes na sétima posición absorbendo o 3,0% do total estatal. Mantén a posición dos últimos tres meses mais gaña dous postos respecto do observado en marzo para consolidar a súa posición habitual no contexto estatal.
- A nosa comunidade colócase neste mes por detrás dos principais destinos do Estado que son, por orde de importancia, Baleares -lidera por terceira vez consecutiva desde outubro do pasado ano o ranking estatal, co 24% do total e 10,8 millóns de noites-, Cataluña -con máis de 8,1 millóns-, Andalucía -con 7,0 millóns-, Canarias -con preto de 6,8 millóns-, a C. Valenciana -con case 3,9 millóns- e Madrid -con 2,3 millóns de noites neste caso-.
- Estas seis comunidades absorben o 87% do total da demanda do conxunto do Estado. Só Baleares, que se coloca por terceira vez consecutiva desde outubro do pasado ano como destino líder a nivel estatal -substituíndo a Canarias que liderou o ranking de novembro a abril-, representa o 24% do total de España -porcentaxe superior á dos últimos meses que significa basicamente que unha de cada catro noites hoteleiras de España se localiza só en Baleares-.
- A continuación deste grupo principal de seis destinos sitúase xustamente Galicia e as restantes comunidades autónomas.
- O 76% das noites hoteleiras corresponden ao turismo de ámbito nacional, segmento no que ten un maior peso o receptor -españóis que proceden doutras comunidades autónomas pois representan o 57% do total-. Así pois, case seis de cada dez noites nos hoteis e pensións de Galicia corresponden aos españois que veñen de fóra da comunidade -porcentaxe similar á do pasado ano-.
- O mercado interno, dos residentes en Galicia, absorbe o 18%.
- O mercado internacional representa o 24% do total da demanda hoteleira, segmento que por cuarta vez consecutiva, desde novembro do pasado ano, supera en volume e peso ao dos residentes na comunidade.



- En termos dinámicos obsérvase neste mes un comportamento algo variable a nivel de mercados. Así, en xullo descende o turismo de ámbito nacional -nun 4,7% o interno, dos residentes en Galicia, e nun 1,2% o que procede do resto do Estado- e increméntase, en cambio, o internacional -un 5,5% neste caso-.
- O comportamento estable da demanda hoteleira neste mes de xullo vén como consecuencia, por tanto, de contrapoñer variacións positivas -o internacional- e negativas -o nacional neste caso-.
- Con esta dinámica o mercado internacional recupera o comportamento observado nos catro primeiros meses deste 2026 -así como a finais de 2025- mais contrasta coas caídas puntuais observadas en maio e xuño -na temporada media-. Xa cunha perspectiva de longo prazo obsérvase que o segmento internacional acumula seis anos consecutivos de crecemento da demanda no mes de xullo -desde 2021, e a taxas estables nos últimos catro-. O crecemento deste ano permite, por tanto, rexistrar un máximo da serie histórica no mes de xullo con 323 mil pernoctacións.
- Tal circunstancia vén como consecuencia de contrapoñer variacións de distinto signo e intensidade segundo o mercado de orixe. Así neste mes increméntase o turismo procedente do país veciño, Portugal -primeiro mercado en orde de importancia substituíndo a EEUU que liderou o turismo estranxeiro en maio e xuño-, que supera nun 15% o número de noites do pasado ano. Sobe tamén, e de forma destacada, o turismo irlandés -un 26%, consolidándose entre os principais países de orixe-, o italiano -un 20%-, o francés -un 12%- e o estadounidense -un 7% neste caso-.
- No lado contrario rexistran neste mes un comportamento negativo os mercados alemán -que descende un 17%- e o británico -por terceiro mes consecutivo, un 11% neste caso-.
- Apréciase, por tanto, un comportamento variable do mercado internacional que non responde a ningunha pauta concreta, sendo en todo caso maioría os que amosan dinámica positiva -así o manifestan, por exemplo, os tres primeiros en orde de importancia. Destacan en intensidade os crecementos dos mercados irlandés e italiano, así como o portugués. Neste contexto rexístranse caídas de mercados importantes como o alemán e o británico.
- O mercado receptor nacional presenta un comportamento diferente pois o descenso deste ano vén a consolidar unha tendencia de variacións dispares -positivas e negativas nos últimos anos- pero de baixa intensidade. Desta maneira, e cunha perspectiva de longo prazo, este segmento presenta máis ben certa estabilidade global -con variacións inferiores ao 2% interanual desde 2022- manténdose no contorno das 770 mil noites por quinto ano consecutivo.
- Este último presenta unha dinámica negativa dos principais mercados, tanto en dirección como en intensidade con algunha excepción concreta. O principal mercado -Madrid- presenta un comportamento negativo, cun descenso do 3% en relación ao pasado ano. Similar circunstancia acontece cos restantes principais mercados pois boa parte deles fican en niveis de demanda parellos -caso de Asturias- ou inferiores aos do pasado ano -con descensos do 2% para os mercados andaluz e vasco, do 6% para o catalán e do 15% para o valenciano-. Neste mes marca a excepción o mercado de Castela e León -que supera nun 10% o número de noites hoteleiras de xullo do pasado ano-.



- O turismo interno participa tamén desta dinámica negativa, con maior intensidade pois rexistra un descenso do 5% en relación ao pasado ano. Tal circunstancia deixa o nivel de demanda en 246 mil pernoctacións no mes de xullo, cifra inferior non só á de 2025 senón que tamén se coloca por debaixo do valor do bienio 2022-23, e mesmo por debaixo das cifras previas á pandemia. Nunha perspectiva de longo prazo apréciase que o mercado interno presenta unha dinámica variable nos últimos anos, contrapoiñendo anos de crecemento con anos de caídas, cuns niveis de demanda que se sitúan por encima das 240 mil noites na maior parte dos anos.
- As diferenzas na variación do número de noites provoca pequenos cambios de peso e, en consecuencia, da estrutura da demanda segundo a procedencia. Así neste mes mellora o peso do turismo internacional -en algo máis dun punto porcentual- a costa da perda de cuota de mercado do segmento nacional -de case un punto o interno e de medio punto o que procede do resto do Estado-.
- Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase que o mercado interno mantense nas porcentaxes máis baixas da serie histórica pois sitúase por debaixo do 20% por terceiro ano consecutivo -ata 2014 superaba sempre o 23%, por exemplo-. O receptor nacional regresa a niveis anteriores á pandemia -cunha cuota similar á rexistrada en 2018-, mentres que o internacional, coa evolución positiva, acada o peso máis elevado de toda a serie histórica do mes de xullo -supón por vez primeira a cuarta parte da demanda neste primeiro mes do verán-.
- A nivel territorial o comportamento da demanda hoteleira é tamén variable. Incrementábase así o número de noites en dúas provincias -nun 3,7% en A Coruña e nun 1,4% en Ourense- mais descende nas dúas restantes -nun 2,1% en Lugo e nun 3,4% en Pontevedra-.
- Co 44% das noites hoteleiras Pontevedra lidera agora en xullo, por vez primeira nos últimos once meses, o mercado turístico hoteleiro -substitúe a A Coruña que nas temporadas baixa e media lidera o mercado na comunidade, e consolida a posición habitual nos meses de temporada alta-. Segue a continuación xustamente A Coruña, co 38%, por diante de Lugo e Ourense -co 13% e 5% do total, respectivamente-. Mantense e mesmo se reforza agora en xullo a concentración da demanda nas provincias do litoral atlántico -o 82% das noites localízanse en A Coruña e Pontevedra, cun reparto diferente entre ambas-.
- A nivel das categorías hoteleiras o comportamento da demanda é tamén variable. Apréciase así crecemento do número de noites nos hoteis de dúas e tres estrelas -do 5% e 2%, respectivamente-. A demanda mantense estable nos hoteis de categoría alta -catro e cinco estrelas- e descende unicamente nos hoteis dunha estrela, un 20% neste caso.
- No ámbito das pensións a dinámica é parella, con crecemento da demanda naquelas dunha estrela -do 9%- e nas de dúas e tres estrelas -cunha suave suba do 1,4%-.
- Isto da como resultado que o nivel de demanda descende no conxunto dos hoteis -arredor dun 2%- mais incrementábase nas pensións -un 4% neste caso-. Ambas tipoloxías amosan, por tanto, un comportamento dispar neste sétimo mes do ano.



- O conxunto dos hoteis representa o 80% do total da demanda -sendo maioritario o segmento de catro e cinco estrelas pois absorbe o 32% do total das noites-, ficando o 20% restante no ámbito das pensións.
- A estadía media nos hoteis e pensións de Galicia sitúase en 2,1 noites, cifra que en termos globais mantense estable en relación ao pasado ano. É o terceiro ano consecutivo, e cuarto nos últimos cinco, no que a estadía media se mantén no contorno de 2,1 noites a nivel da comunidade, cifra inferior aos valores previos e propios da pandemia.
- Con todo, a estadía media en Galicia sitúase nunha posición media no conxunto do Estado -supera o valor de sete comunidades autónomas-. Canarias, con 6,4 noites, marca a cifra máis elevada. No lado contrario a cifra máis baixa fica en Estremadura e Castela e León -ambas no contorno de 1,6 noites-.
- En termos dinámicos a estadía media crece en seis destinos -con maior intensidade en A Ríoxa-, mantense estable só en Andalucía e descende nos dez restantes -de forma máis acusada novamente en Estremadura e Castela e León-.
- A nivel territorial e dentro de Galicia a estadía media presenta certas variacións entre provincias. Aquelas localizadas no sur da comunidade -Ourense e Pontevedra- rexistran os niveis máis altos -con 2,1 noites de media a primeira e 2,4 noites a segunda, rexistrando así a cifra máis alta da comunidade- mentres que A Coruña e Lugo presentan as cifras máis baixas -ambas con 1,9 e 1,7 noites, respectivamente-.
- Obsérvanse tamén diferenzas a nivel das categorías hoteleiras. Neste mes, igual que nos tres últimos e ao contrario do observado nos cinco meses anteriores, a estadía media acada os valores máis altos nos hoteis de catro e cinco estrelas -con 2,3 noites de media-. Este dato mantense tamén nos hoteis de tres estrelas e descende a medida que imos baixando de categoría, con 2,1 noites os de dúas estrelas, 2,0 noites os de unha estrela, 1,7 noites as pensións de tres e dúas estrelas e 1,5 noites as de unha estrela.
- Ao contrario do que acontece na temporada baixa, o valor da estadía está correlacionado coa categoría do aloxamento -tal circunstancia observábase xa nos tres últimos meses así como nas temporada media e alta do pasado ano-.
- A estabilidade do nivel de demanda en relación ao pasado ano acontece nun contexto no que o volume de oferta varía de forma pouco significativa -o número de prazas dispoñibles descende en realidade un 0,9%- . Isto leva a certa estabilidade parella dos niveis de ocupación en relación ao 2025 -varía tres décimas porcentuais- para situarse no 55,9% de media-.
- Estabilízase a ocupación logo de rexistrar crecementos nos dous últimos anos, posteriores á caída rexistrada en 2023. As diferenzas non son moi notables pois en realidade o nivel de ocupación do mes de xullo varía entre o 54% e o 56% nos últimos cinco anos, no período 2022-26. Tal circunstancia fala máis ben de estabilidade global.
- Con todo o dato de Galicia sitúase nunha posición media-baixa no ranking estatal -supera neste mes o dato de cinco comunidades autónomas-. Baleares marca agora en xullo, por terceira vez consecutiva nos últimos dez meses, a porcentaxe máis elevada cun 87,4% de media -igual que o fixo de abril a setembro do pasado ano, substituíndo a



Canarias que liderou este apartado desde outubro de 2025-. No lado contrario a porcentaxe máis baixa queda neste mes en Castela A Mancha, cun 33,1% de media.

- As tarifas hoteleiras sitúanse neste mes en 91,3 euros, cifra que supera o dato do pasado ano -nun 7,7%- así como o valor de 2019 -en máis dun 40% neste caso-. É a cifra máis elevada da serie histórica do mes de xullo pois nunca antes se superaran os 90 euros de tarifa media. Descontando o efecto da inflación obsérvase que en realidade as tarifas hoteleiras increméntanse este mes con menor intensidade, en pouco máis do 3% -o dato da inflación media en Galicia neste último mes sitúase no 4,1%-.
- En termos comparativos a nosa comunidade sitúase nunha posición media a nivel estatal -supera o valor de cinco comunidades autónomas-. Baleares, con 213,7 euros, presenta as tarifas máis elevadas neste mes. Castela A Mancha, en cambio, amosa o valor máis baixo con 72,0 euros.
- En termos dinámicos Galicia colócase nunha posición tamén media no ranking de variacións interanuais das tarifas hoteleiras. Soben con maior intensidade no País Vasco e en Cantabria -en algo máis dun 10%- e en Baleares e Aragón -arredor dun 9% en ambas-. No lado contrario as tarifas hoteleiras mantéñense estables en catro destinos -Madrid, Castela A Mancha, Castela e León e Navarra-. Non descende en ningunha comunidade autónoma.
- A variación dos niveis de ocupación -neste caso o grao de ocupación por habitacións sobe apenas un 0,4%- acontece, por tanto, nun contexto de crecemento das tarifas hoteleiras -do 7,7% neste caso-. Isto leva a unha mellora parella dos niveis de rendibilidade hoteleira en relación ao pasado ano -o RevPAR hoteleiro crece un 7,1% situándose en 54,9 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a cifra máis alta da serie histórica-. Nunca antes o nivel de rendibilidade superara os 52 euros neste sétimo mes do ano.
- Galicia fica tamén neste ámbito nunha posición media respecto do observado nas restantes comunidades autónomas. Con 189,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible Baleares marca tamén neste mes o nivel de rendibilidade máis elevado do conxunto do Estado. Castela A Mancha presenta, en cambio, o valor máis baixo con 29,0 euros.
- En termos dinámicos Galicia sitúase nunha posición media no ranking estatal, no grupo de destinos con crecemento do RevPAR hoteleiro -doce en total-. Lideran esta clasificación destinos do norte peninsular -o País Vasco coa suba do 13%, e Aragón e Cantabria co incremento do 12%-.
- No lado contrario o RevPAR descende en cinco comunidades autónomas, con maior intensidade en Asturias -un 6% neste caso-.
- Con estas cifras estímase que o sector hoteleiro obtivo uns ingresos totais nominais de 68,3 millóns de euros no mes de xullo, cifra que supera nun 6,9% o dato do pasado ano -circunstancia que acontece por sexta vez consecutiva desde a pandemia-. Con este incremento supera os 65 millóns de euros por vez primeira na serie histórica, rexistrando un máximo no mes de xullo agora en 2026.
- Descontando o efecto da inflación os ingresos hoteleiros soben con menor intensidade, en termos reais un 2,7%.



ANEXO – GRÁFICAS

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Xullo 2016-26




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Xullo 2026/25






Fig. 3. Principais mercados no ámbito hoteleiro. Noites, xullo 2026




Fig. 4. Variación da demanda dos principais mercados no ámbito hoteleiro. Xullo 2026/25




Fig. 5. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Xullo 2026/25




Fig. 6. Variación da demanda por segmentos hoteleiros. Xullo 2026/25






Fig. 7. Evolución da estadía media. Xullo 2016-26




Fig. 8. Evolución do nivel de ocupación hoteleiro. Xullo 2016-26






Fig. 9. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Xullo 2014-26




Fig. 10. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Xullo 2014-26

